


Convento dos Agostiños




CASA DA CULTURA

PONTEDEUME



Pontevedra

Convento dos Agostiños



CASA DA CULTURA

PONTEDEUME

www.pontedeume.gal



Desde a existencia dos primeiros cenobios ata a exclaustación do século XX, os conventos e mosteiros foron protagonistas na organización do territorio e no seu aproveitamento económico, influíndo nas relacións sociais e ocupándose da educación e transmisión da cultura cristiá. Así ocorreu co **convento dos agostiños de Pontedeume** que, construído nunha época de transición entre o *Gótico* e o *Renacemento*, exerceu unha grande influencia na vida da vila e no seu goberno desde a súa fundación no 1538 ata a súa desaparición no 1835 coa *Desamortización de Mendizábal*.


A **Orde de Santo Agostiño** era unha orde relixiosa mendicante, establecida pola *Igrexa Católica* no ano 1244 ante a necesidade de unificar unha serie de comunidades eremíticas que xurdiran baixo a experiencia monástica de **Santo Agostiño** (354-430). Estas ordes mendicantes eran movementos que buscaban unha renovación da evanxelización mediante unha vida virtuosa e austera e, a través desta vida exemplar, conseguir o favor do pobo.

Seguindo esta liña, os **agostiños** basean a natureza da *Orde* na contemplación, propia das súas raíces eremíticas, e no cumprimento da **Regla de Santo Agostiño**: “*reunístesvos para vivir na casa unánimes e ter unha soa alma e un só corazón orientado hacia Deus*”. Isto lograríase en fraternidade, a través do estudo de Deus e da oración. O punto principal da espiritualidade é a interioridade e a súa relación cos demais membros, cos que se debe evitar todo o que implique imposición ou dominio. E para logralo, todos os irmáns dunha organización deben ser iguais, non existindo privilexios entre eles e incluso o prior debe considerarse un igual e buscar un equilibrio na observancia das normas, evitando os extremos.

Como exemplo desa espiritualidade, os frades deben facer voto

de pobreza, polo que non posúen bens propios, sendo todas as súas pertenzas da comunidade.

O **escudo** da orde, hoxe en día simplificado, constaba dos seguintes elementos: un libro pechado e deitado cun corazón en chamas e atravesado por un dardo; detrás deste, a correa do hábito, a cruz episcopal, un báculo e, por riba do libro, unha mitra como símbolo do episcopado de **Santo Agostiño**. Abaixo, unha banda coa inscrición “*Tolle lege Tolle lege*” (toma e lee), palabras que escoitou **Santo Agostiño** o día da súa conversión, antes de ler as cartas de *San Pablo*. O escudo aparece decorado con palmas douradas.



A **pathoa** da orde é a *Virxe María*, en cuxo honor, a partir do século XVI, comeza a recitarse unha antífona (himno litúrxico cantado antes e despois da misa). Deste costume derívase o feito de que o **convento de Pontedeume** fose adicado á *Virxe da Gracia*, xa que a canción comezaba co “*Ave María, Gratia Plena*”, curiosamente un elemento presente no escudo dos *Andrade*, unha das

familias máis importantes da nobreza galega e moi vinculada á historia da vila de **Pontedeume**.

De feito, foi un membro desta familia, *Fernando de Andrade*, quen fundou o convento e quixo poñer baixo a advocación do *Arcaño San Miguel* (desexo que non conseguíu), figura do seu escudo de armas que sostíña unha filacteria coa lenda “*Nolite Nocere*” (non fagades dano).

En *Galicia*, as institucións **agustinianas** estiveron representadas polos **conventos** masculinos e femininos de **agostiños** ermitaños e polos priorados de cóengos regulares.

Os dous principais **conventos** masculinos que os **agostiños** ermitáns tiveron en *Galicia* foron o de *Santiago de Compostela* e o de **Pontedeume**. E, en canto a priorados, aínda quedaban na *comarca do Eume*, a finais da *Idade Media*, *San Xoán de Caaveiro* en *A Capela* e *San Miguel de Breamo* en **Pontedeume**.

Convento de Santo Agostiño (Santiago de Compostela)

Convento dos Agostiños (Pontedeume)



Mosteiro de San Xoán de Caaveiro (A Capela)



Ermida San Miguel de Breamo (Pontedeume)



Entre os **agostiños eumeses** sobresaíntes, destacamos a *Juan Ocampo*, confesor do *Arzobispo Rajoy* e *Faustino Domínguez*, que chegou a ser *Bispo de Crotona en Calabria, Italia*.

O período máis álxido da *Orde* coincide co da fundación do convento eumés no 1538 e exténdese ata 1785, aínda que en **Pontedeume**, unha serie de funestos acontecementos, como pestes, guerras e incendios, ensombrecen a prosperidade do momento fundacional.

A fundación

A data de fundación é o 25 de setembro de 1538, baixo a advocación da *Nosa Señora da Gracia*.

O seu fundador, o nobre galego *Fernando de Andrade*, distinguírase nas campañas de *Italia* contra os franceses e defendeu o dereito a voz e voto dos procuradores de *Galicia*, o que lle valeu o desterro, concluindo a súa vida nun retiro voluntario na *Coruña* e **Pontedeume**.

O custo da obra foi de 30.000 maravedíes, con cargo ás rendas dos cotos de *Serantes* e *Doniños*, en *Ferrol*, e á terra do *Arciprestado de Bezoucos* (zona norte da comarca do *Eume*).

O **convento de Pontedeume** era un convento menor e, polo tanto, non acollía a moitos relixiosos.

O Edificio

A **ighexa** era o centro da actividade dun convento e a súa obra máis costosa e importante.

Nesa época, case todos os templos constrúense extramuros xa que é moi difícil atopar espazos dentro dos recintos amurallados e, por outra banda, aforrábanse deste xeito as cargas fiscais dos que vivían intramuros.

Os estilos arquitectónicos chegan tardiamente, creándose un estilo propio onde conviven o gótico e o renacemento. A planta

da igrexa é de cruz latina, con cruceiro saínte e de proporcións macizas. Ó ser un templo mendicante, onde os sermóns van dirixidos á multitude, as naves fanse amplas e utílizase a madeira para ter unha boa acústica. A cabeceira faise máis pronunciada, xa que considérase un lugar preferente ó realizárense aquí as funcións máis importantes da liturxia (a *Eucaristía* e a *Transubstanciación*) e desde ela proxectábase a luz, facendo un efecto linterna, para ver mellor a *Consagración*.

Este modelo de igrexa rompe co do *Císter*, onde o templo era só para uso do mosteiro e non había, por tanto, espazo para o pobo nin para os peregrinos.

Ó non ter planos sobre a construción da igrexa conventual de **Pontedeume**, úsanse datos sobre outras construcións similares da época e séguense os preceptos que debían seguir as igrexas mendicantes para deducir que debía ter planta de salón, na que todas as naves teñen a mesma altura e unha pequena fachada cara ó oeste. Tería un coro alto, punto de reunión comunitaria para o rezo, e dúas capelas anexas, unha das cales, alomenos, comunicaba coa igrexa a través dun arco aberto no muro. Unha das capelas estaba adicada á *Nosa Señora da Concepción* (tamén chamada capela de *Maldonado*) e a outra, á *Virxe do Rosario* (tamén chamada *capela do Socorro*, de *Mosquera* ou de *Azpilcueta*). A portada concebíase coma un retablo que mostraba estatuas de santos da *Orde*. O remate sería, case seguro, un triángulo cun campanario de tres campás (unha grande e dúas pequenas).

A cabeceira igualaba en tamaño á nave e incluso superábaa en altura e cubríase a ábsida con bóveda de estrela.

Ó longo dos séculos, xeneralizouse a agrupación de capelas xunto á absida ou entre os contrafortes, ben cunha finalidade funeraria ou para uso litúrxico dos gremios.

A igrexa tiña oito retablos e nos seus nichos alomenos 16 imaxes, entre elas as de **Santo Agostiño**, *San Nicolás*, *San Miguel* e *Nosa Señora da Gracia*. Cando se extinguiu o convento, parte dese patrimonio iconográfico pasou a formar parte da decoración doutras igrexas da comarca.

O convento

O deseño do convento seguía os criterios da arquitectura do renacemento máis puro e menos plateresco, ou sexa con pouca decoración.

Na fachada vemos este estilo, aínda que a porta principal destaca polas súas feitura barrocas, con decoración de orelleiras e molduras, igual que nas ventás, creando claroscuros e xigantismos propios do barroco, estilo que se debe á ampliación do século XVIII realizada baixo o mecenado do *Arcebispo Rajoy*.

Fachada do Convento dos Agostiños (Pontedeume)



Na fachada posterior, observamos unha ampla escaleira que da ó claustro baixo, un lugar importante, xa que solía ter unha fonte onde os frades facían as súas ablucións antes das comidas. O claustro baixo está formado por unha arcada mentres que o superior fórmase con arquivolta sobre columnas pilastras de fuste liso.

O **convento de Pontedeume** tiña dous corredores: o alto e o baixo, éste normalmente conectado coa igrexa para realizar as procesións, prolongando así o culto e a celebración que se facía no espazo da igrexa, as capelas e o coro.

Claustro do Convento dos Agostiños (Pontedeume)



Estancias dun convento:

A *Sala Capitular* era o lugar onde se celebraban as reunións periódicas da comunidade. Aínda que non quedan restos, é moi probable que tivese o acceso a través dun pórtico arcado como adoitaba ser nos mosteiros medievais.

Os *dormitorios* debían ser comúns, aínda que tamén podía haber celas individuais, máis típicas estas nos conventos dominicos, adicados ó estudo, ou para aqueles frades que daban clase de teoloxía ou eran predicadores. O mobiliario era sinxelo, excepto algún sillón labrado, e o leito constaba dun xergón e mantas, sen saba nin colcha. Só a cela prioral tiña mobles máis especiais.


No caso de **Pontedeume**, á morte de *Fernando de Andrade*, o seu fundador, “*quedaba por hacer un dormitorio y otras obras en dicho Monasterio*” para o cal deixa dito no seu testamento “*hazer y acabar el dicho dormitorio e obras doscientos ducados*”. O término dormitorio, non se refería, probablemente a unha soa estancia, senón ó conxunto de celas situadas ó arredor do claustro.

Ademáis, habería *refectorios*, *cocinas*, *despensas* e *bodegas*.

A *biblioteca*. Todos os conventos e mosteiros tiñan unha, por pequena que fose. Nela habería manuais de moral, libros litúrxicos, comentarios das Sagradas escrituras e compendios teolóxicos. No caso de **Pontedeume**, non sabemos cómo era. Ó ser un convento menor, podería ser sinxelamente un armario e arquivo, xuntos nunha peza.

A *horta* estaba anexa á casa, pechada e extramuros da vila. Extendíase polo que hoxe é a *Alameda de Rajoy* e, polo lado norte, lindaba co esteiro do río *Eume*.

Alameda de Rajoy, Pontedeume.



O traballo na horta era a negación do ocio, fonte de pecado para a igrexa.

A produción estaba adicada principalmente a alimentos básicos e probablemente a plantas medicinais; era unha actividade secundaria xa que o convento percibía numerosos ingresos dos foros e beneficios en frutos e gran e das actividades de culto e “*curia animarum*”. A isto hai que engadir rentas e foros (contrato agrario case a perpetuidade) de gran cantidade de viñas, herdades e labradíos.

O edificio co espazo da horta tiña unha extensión de 1600m² e se engadimos a igrexa ocupaba 2000m².

Hoxe en día, pódense contemplar no pequeno xardín do **Convento**, na zona onde estaba o claustro, tres estatuas que miran cara á antiga horta, hoxe *Alameda*. Son o oso e o xabaril, feitos en granito, que estaban situados antigamente na ponte medieval entre os arcos 2º e 3º e que foron trasladados aquí no ano 2010. No medio destes dous animais, símbolo da familia *Andrade*, atópase a efixie de *Afonso X*, fundador da vila de **Pontedeume**.

Estatuas do oso, xabaril e Afonso X no Convento dos Agostiños de Pontedeume.



O Cemiterio


A partires do século XI, a maior parte dos cemiterios europeos ubícanse á beira das igrexas parroquiais ou nun cemiterio monástico debido a que os enterramentos dentro dos templos prohibírase xa no ano 995. Sen embargo, esta norma non se cumprirá totalmente, xa que as grandes personalidades, entre eles os *Andrade*, seguen a enterrarse, como símbolo de prestixio, nos lugares máis privilexiados do templo, mentres que os pobres fano nos extremos do recinto e en foxas comúns.

Nesa época era moi importante para os fieis ter ós seus defuntos xunto ás reliquias dos santos, ou sexa, preto dos santuarios, en espera do espertar final.

No caso dos **agostiños de Pontedeume**, desde o ano 1563, habilitase xunto ó convento un cemiterio que *“saía da porta principal da igrexa e portería e ía dar á rúa e pola outra chegaba ó paredón da fonte, E conforme ó paredón, ía dereito á rúa...”*.

Había, ademáis, capelas particulares e pequenos oratorios anexos á igrexa do convento.

Coa chegada da *Ilustración*, comezouse a cuestionar a hixiene dos enterramentos situados preto dos santos. Así, en 1787, na época de *Carlos III*, vólvese á prohibición de enterrar ós mortos dentro dos templos; debido a esta lei e a outras posteriores, no século XIX víuse a necesidade de ampliar o cemiterio na horta dos frades cara ó adro da *Igrexa das Virtudes*, situada extramuros. Esta obra de ampliación será moi importante á hora de decidir a demolición da igrexa conventual.



Aplicación de Realidade Aumentada "Camiñando polo Pontedeume Medieval".

Comida e vestido

A alimentación era boa, sá e suficiente, excepto nos períodos de xaxún (martes e venres e os días preceptivos da *Coresma*). Era coma a da clase media pero moi superior á do pobo famento, que acudía ós conventos na procura da “*sopa boba*” (potaxe de restos que se lles daba ós pobres).

Só os días especiais, como o do santo do prior, o **día de Santo Agostiño** ou o do patrón do convento, celebrábanse cun prato extraordinario.

Ademáis da comida ordinaria, o relixioso podía comprarse algún capricho como doces, tabaco, chocolate ou libros, co diñeiro que aforraba privándose de viño e alimentos.

En canto á vestimenta, o hábito que utilizan constaba dunha túnica de cor negra que chegaba ata os nocellos e estaba cinguido por un cinto de coiro negro que caía ata o bordo da túnica; encima desta, unha capa da mesma cor, recta ata os cõbados e terminada en punta larga por detrás. Ningún frade podía quitalo sen incorrer en pena canónica.



A vida espiritual “curia animarum”

Segundo as orientacións do *Concilio de Trento* (1545 – 1563), as ordes relixiosas inclínanse por un misticismo espiritual, no que a pobreza sería a base da vida material e estaría sostida, máis ou menos, con esmolos, realizarían unha labor mixta de sacerdocio e práctica espiritual comunitaria, como o rezo no coro.

O labor espiritual dos **agostiños** estaba adicado á “*curia animarum*” ou coidado das almas, e así o reflexa un documento do século XVIII no que se fala de que o fundador do convento “*Don Fernando de Andrade y Pérez de las Mariñas, como bo pai dos seus vasalos, efectuó a fundación do convento con 8 relixiosos confesores, en atención a que fora intolerable o peso de tan numeroso pobo ós ombros dun só pastor*”.

Dentro da adicación comunitaria ó espírito, o rezo das horas era determinante, xa que a vida dos frades organizábase segundo o horario destes rezos, ós que todos os membros da comunidade estaban obrigados a asistir. Así, tiñan misa diaria e 7 horas de rezo: *Mañns, Laudes, Prima, Tercia, Sexta, Nona, Vésperas e Completas*. A primeira hora era ás 7 da mañá no inverno e ás 5 no verán.

Pola mañá, iniciábanse os rezos coa *Prima*, a *Tercia* e a *Sexta*, trala que tiña lugar o xantar, despois das *Vésperas*, ás 6, ceaban e logo tiñan un anaco de lecer ata as *Completas*, ás 9 da noite, cando se deitaban; ás veces, levantábanse de madrugada para asisitir ós *Matíns* entre as 2:30 e 3:30 e *Laudes* entre as 5 e 6 da mañá.

O número de frades varía co tempo, influíndo niso a situación política. Así, o seu número aumenta no período da *Restauración* e de *Fernando VII* e diminúe na guerra contra os franceses coa dispersión dos relixiosos e, sobre todo, coas medidas de secularización e supresión de conventos nas etapas liberais. No **convento de Pontedeume**, entre os séculos XVIII e XIX, o número de frades vai de 13 a 6 nos últimos anos, sendo 16 a cifra maior deste período.

Outhas funcións

Catequese e predicación. Con estes instrumentos pretendían combater a blasfemia e o abuso de xuramentos, ó mesmo tempo que daban instrución relixiosa. Neste labor era moi importante o sermón das festas, dado que éstas eran moi numerosas e a asistencia a moitas delas era obrigatoria.

A isto hai que engadir que a maioría da poboación era iletrada, non tiña libros, prensa ou outros medios onde aprender e informarse, polo que o sermón era un momento de contacto co mundo relixioso, cultural e político. Por iso, a oratoria desde o púlpito servía como elemento de control social.

Administración de sacramentos, encargos da municipalidade de numerosas prácticas devocionais ou manifestacións de fervor popular como talismán e remedio contra males e calamidades sociais.

Procesións e rogativas eran elementos esenciais nas festas, xunto co sermón e a misa cantada.

Labor asistencial, estaba asociada coa búsqueda da salvación eterna polo que, tanto señores como vasalos, dotaban de recursos económicos a igrexas e mosteiros para auxiliar a indixentes, enfermos e peregrinos. Así, o convento distribuía as esmolas en diñeiro ou en roupa e calzado e tiña tamén asignada a asistencia relixiosa ós presos.

Ø *goberno*

A autoridade superior do convento era o prior, elixido por un máximo de tres anos, o cal, elixía, á súa vez, ós frades que ocuparían os cargos do convento: subprior, predicador, procurador e sancristán, entre outros.

As funcións dos cargos eran as seguintes:

- *Subprior e Vicario*: ocúpase de suplir ó prior cando é necesario.
- *Procuradores*: levan os libros de contas xunto co prior.
- *Discretos*: supervisan o traballo dos procuradores e tamén dan consello.
- *Predicadores de Táboa*: supervisan o traballo dos procuradores e tamén dan consello.
- *Torneiro*, atende as chamadas da portería e as cousas relacionadas co exterior.
- *Sacristán*: ocúpase dos obxectos e asuntos referidos ó culto da igrexa do convento.
- *Secretario*: levanta acta e fai a crónica da casa.

- **Enfermeiro:** encárgase da enfermería.
- **Labocheiros:** realizan distintos traballos do convento.
- **Lectores:** encárganse da formación dos novicios.
- **Hebdomadario:** dirixe o rezo os sábados despois do xantar.
- **Campaneiro:** chama ós frades pola mañá para ir ó coro e toca a asistencia ós actos da comunidade.

A Economía

Ó primeiro, os **agostiños** sostíñanse só con esmolos pero, co tempo, foron autorizados a teren bens materiais en común.

Aparte dos bens raíces, había outras catro fontes de ingresos na **comunidade agostiña** de **Pontedeume**: as fundacións con cargas de misas; as esmolos para o culto, sobre todo para as exequias e honras fúnebres; os foros e beneficios por arrendos, xunto cos censos (cargas sobre propiedades en arrendo); e a administración da *Igrexa das Virtudes*.

Fundacións de Obbras Pías. Algúns exemplos.

- *Alonso Mancebo*, antigo rexedor da vila, e a súa muller *Catalina de Torquemada*.
- *Capela de Andrés Mosquera*, outro rexedor da vila, ó que os frades ceden en 1712 unha capela adosada á igrexa do convento, *A Nosa Señora do Socorro*, a cal atópase hoxe no cemiterio de **Pontedeume**.
- A *Confraría de San Roque* estaba entre as máis importantes. Ó día seguinte da festa do santo, celebrábanse no convento actos litúrxicos polos confrades vivos e mortos, a cambio dun pago de 33 reais de vellón.

- *Festa de Santa Catalina*, instituída grazas ás disposicións testamentarias do rexedor *Juan Beltrán de Anido*.
- *Fundacións do Arcebispo Rajoy*, para as que doou 4000 ducados para seren utilizados na celebración de misas os días do **Santo Agostiño**, *San Nicolás de Tolentino* e *Santo Tomás de Villanueva*.

Os estipendios e esmolos por servizos relixiosos proliferaron despois do *Concilio de Trento* que, xunto ás teses **agostiñas**, reforzaron a crenza de que as oracións servían para redimir os pecados dos fieis defuntos e acortar o seu paso polo *Purgatorio*.

Servizos Eclesiásticos polos que cobrava el convento:

- **Entenhos**: responso, sacar o morto da casa, bendicir a sepultura, a cruz, relixiosos, misas cantadas, vixilia e campás.
- **Casamento**: por 3 amonestacións e un casamento, dábase unha galiña. Por unha certificación de amonestación ou de calquera outra cousa, 4 reais. Por velacións ós noivos (cerimonia posterior á misa nupcial para propiciar que os fillos fosen educados na fe ou para que fosen sacerdotes), 4 reais máis unha esmola para o sacerdote.
- **Bautismo**: unha galiña e diñeiro e ademais os padriños daban cartos para o cepillo e tiñan que traer vela de cera para o convento.
- **A muller despois do parto**, tiña que deixar unha cantidade se quería entrar á igrexa, ademáis de levar unha vela de cera para o convento.
- **Certificacións, proclamas e dispensas**.
- **Declaracións**, pagábanse 9 reais por cada día que lle adicaba o notario.

- **Beizóns de casas e ofrendas de Pascua** a cambio de ovos, torreznos e algún diñeiro.
- **Na Pascua do Nadal. Resurrección e Pentecostès**, cada veciño cabeza de casa e as mulleres dos mareantes, tiñan que dar medio real; as mulleres dos labradores, unha cantidade de pan equivalente a un real.

Rendas

- **Pago do quindenio**: cantidade de diñeiro das rendas eclesiásticas que cada 15 años pagábase a *Roma*.
- **Foros e Censos**. nas propiedades do Convento aparecen doa-zóns de leiras, terras, viñas, casas..., así como rendas, arren-dos e foros.

Un exemplo de foro é o que outorga o prior *Manuel Pimentel* a *Bartolomé de Rigueiro*: unhas herdades nas fregresías de *Grandal*, *Doroña* e *Carantoña*, con rendas de 8 ferrados (1 ferrado: 540m² variando a súa extensión segundo a zona) de centeo, 4 ferrados de trigo, un cabrito e unha galiña...

Os maiores beneficios chegaban a través do culto, os foros e os contratos de viñas e grans. Isto compróbase no *Libro de Contas do Convento*, onde vése que é o mes de setembro o que ten máis ingresos, por ser o de recollida de froitos, viño e gran.

Na lista de lugares que pagaban ó convento algún tipo de renda en 1831, chama atención que, ademais dos lugares próximos, como *Andrade*, *Breamo* ou *Doroña*, aparecen outros máis distantes como *Fene*, *Narón*, *Coruña* e, incluso, *Ourense*.

- Outra fonte de ingresos era a *administración da igrexa das Virtudes*, xestionada polos frades, recibindo así as doazóns que se fan ó culto.

Igrexa das Virtudes, Pontedeume



Con todos estes exemplos, o *Convento* aparece como unha mostra de facenda eclesiástica, cuxa característica principal era a desigualdade social á hora de pagar impostos. A isto había que engadir que, por ser un convento mendicante, os **agostiños** estaban exentos de certas cargas fiscais, como o imposto da sisa (taxa indirecta sobre alimentos básicos).

O Voto de San Nicolás de Tolentino

Os **agostiños** levaban sempre algunha imaxe deste santo alá onde fundasen un convento, difundindo a súa devoción polo vello *Continente*, *América Latina* e *Filipinas*.

San Nicolás era o avogado das almas do *Purgatorio* e na súa festa utilizábanse boliños de pan benditos para librar das epidemias, da peste, enfermidades e catástrofes naturais, sobre todo, incendios e naufraxios.



Boliños de San Nicolás.

A orixe do voto de *San Nicolás* en **Pontedeume** atopámolo nunha testemuña de 1752, escrita por un escribán do *Concello*.

“... fatigas e desgrazas tan lamentables de 3 incendios, que un sucedeu antes do ano 1607.

Outro, neste, que foi queima xeral. E outro no 1621, pois para aplacalo non tanto recurriron ás forzas humanas, como á providencia do Señor, valéndose para elo dos méritos e protección do Glorioso Señor San Nicolás de Tolentino, a quen sen o coidado dos bens temporais de que demostraron singular desinterese . Sacaron en procesión e logo milagrosamente apagaouse a voracidade daquel elemento abrasador, e en acción de grazas ó milagroso santo... o concello en nome de toda a vila o 10 de setembro de dito ano de 1621 fixo voto de xaxuar perpetuamente as vésperas do Señor San Ncolás de Tolentino, gardarlle o seu día...”

No momento no que o incendio era maior, sairon os frades **agostiños** en comunidade e guindaron ó lume unha reliquia do santo e, indo a menos as chamas inmediatamente, o pobo tomou este feito por milagre, aumentando con elo a devoción ó santo e poñéndose así as bases do voto.



San Nicolás de Tolentino.

Os fieis debían ir en procesión ó convento onde se dirían a misa e o sermón. Ós que fixesen isto e xaxuasen o día antes da festa do santo, dábanselles 40 días de indulxencias. Anos máis tarde destes feitos, crearase a *Confraría de San Nicolás*.

Ó extinguirse a **comunidade agostiña** no 1836, a función do voto pasou a celebrarse na igrexa parroquial. Hoxe en día, a confraría practicamente non existe e son os vicarios (fieis da parroquia) os que se ofrecen voluntarios para levar a carga dos gastos da festa.

A Desamortización Eclesiástica

Entre 1836 e 1840 coa *lei Mendizábal*, pónense á venda os bens da igrexa, vendéndose case todos, e en 1855, coa *lei Madoz*, remátase a operación, diminuindo así enormemente as ordes relixiosas e os conventos. Suprímense os décimos e os ingresos dos servizos específicos pasan a ser doazóns voluntarias, co que a igrexa vai perdendo as súas facultades xurisdiccionais.

A partir de 1851, iníciase unha etapa definitiva de liquidación de bens aínda non vendidos, ós que se engaden propiedades municipais, de institucións benéficas e docentes.

Este impulso desamortizador dura ata os primeiros anos do século XX e adquire grande importancia pola enorme cantidade de riqueza que sae á venda, procedente de mitras, capelanías, confrarías e obras pías.

Os principais beneficiarios da desamortización foron os burgueses urbanos con dedicación preferentemente comercial, burocrática ou intelectual, como é no caso de **Pontedeume**.

Xa no século XVIII houbo unha decadencia do clero regular, relacionada coa a súa actitude de enemigo da Ilustración, polo que había un afán de rematar co seu monopolio do ensino, das rendas e da súa dependencia directa con *Roma*. Os mendicantes eran, ademáis, un gravame económico para a poboación na que se asentaban.

Máis tarde, empezouse a difundir a idea de que estas institucións eran contrarias á relixión e á sociedade, considerándoas opostas á natureza e carentes de base evanxélica.

En 1834, unha serie de disposicións afectan ós conventos para seren suprimidos:

- Aqueles de onde tivese escapado algún frade para unírense ós carlistas.
- Obrígase ós novicios das ordes a entrar en quintas.
- Regúlanse os traslados de relixiosos dos conventos suprimidos.
- Supresión da orde dos xesuitas e incautación dos seus bens, que foron utilizados para extinguir a *Débeda Pública*.
- Suprímense os conventos e mosteiros con menos de 12 relixiosos.

Nese ano, en **Pontedeume**, o *Convento* foi cedido gratuitamente ó *Concello* para que fose ubicada nel unha escola de nenas, ademais do cárcere do *Partido Xudicial* e un cuartel de tropas. Sabemos que foi utilizado para dúas desas funcións aínda que é dubidoso o seu uso como cárcere, que sí estivo ubicada na igrexa do convento no 1838.

O 18 de decembro de 1848, o convento coa súa igrexa pónense en subasta pública e en xaneiro do ano seguinte, o inmovible é adquirido por un veciño de *Ferrol* para pasar logo a mans de *José Benito Gunturiz*.

Desde entón, o convento mantense en mans privadas ata a década dos anos 80 do século XX, cando é adquirido polo *Concello* e adicado a *Casa da Cultura*.

Xa en 1864, o *Concello* xustifica a adquisición da horta do *Convento*, que comprara outro ferrolán, alegando que era necesario un lugar como celeiro público e praza de compra-venda de artigos agrícolas e gandeiros, actividade que se estaba a realizar na *rúa do Empedrado*, con grave prexuízo para o tránsito das persoas. Así pois, a horta, ampliada, pasou a ser terreo municipal, e mudou o nome polo de *Alameda de Rajoy*, popularmente *Campo da Feira*.

A demolición da Igrexa


Entre 1835 e 1840, a igrexa e os seus bens son expoliados, abocando ó edificio a un proceso de deterioración imparable.

A partir de 1840, hai varias peticións para que a igrexa volva ser consagrada e adicada de novo ó culto e no 1849 o templo é excluído da venda.

Pero en 1865, a *capela da Concepción*, ou de *Maldonado*, situada nun lateral, arruínase e o *Concello* aproveita para pedir a demolición do edificio.

En 1866, dáse a orde de derrubamento e pídese o material da ruína para empregalo na construción dun cemiterio a carón da *capela das Virtudes*.

O único que xa queda en pé é a *capela de Mosquera*, ou do *Socorro*, que tamén será derrubada e os seus restos utilizáronse para levantar a actual capela do cemiterio de **Pontedeume**.



Para concluír, dicir que no século XVI, a vila de **Pontedeume** estaba situada nunha das vías de comunicación máis transitadas e é aquí, extramuros, onde os frades **agostiños** decidiron asentarse, evitando así as cargas fiscais.

A súa relación co pobo realizábase a través da predicación e da celebración do culto, influíndo así na opinión da xente. E a importancia da *Orde* nesa época vése no desexo dos grandes señores de seren enterrados na igrexa e no cemiterio do convento amortallados co hábito negro dos frades.

Bibliografía

- LÓPEZ CALVO, Jesús Andrés “El convento agustino de Pontedeume. Estudio histórico y Colección Documental” Sociedad Filatélica, de Arte y Humanidades “Eume”. Colección Pablo Díaz Novo Nº3. Pontedeume 2006.
- DE CASTRO, Carlos y GARCÍA, Adela. “Pontedeume, Cabanas y Comarca”. Guías espino Albar. Deputación de A Coruña.


Casa da Cultura



CONVENTO DOS AGOSTIÑOS

PONTEDEUME

Casa da Cultura



CONVENTO DOS AGOSTIÑOS

PONTEDEUME

750
1270 - 2020